

¡DOLORES, GUAPA!

Jesús Pascual, 2021

954

ESTREA EN NUMAX: 27.06.2022 | V.E. | TP | 108 min.

As imaxes e tradicións de base relixiosa atravesan as vidas de todas as persoas que habitan Sevilla. Historicamente, tamén os mariquitas da cidade asimiláronas desde a súa infancia e a través delas foron armando espazos de encontro e códigos propios. Na actualidade, novas identidades disidentes seguen respondendo a estas tradicións: participan ou afástanse, continúan o que existe ou transfórmano. Este filme mira a esas tradicións desde unha perspectiva sempre relegada inxustamente ás marxes.

«Cinema ensaístico que conecta con dous filmes esenciais da Transición, "Vivir en Sevilla", de García Pelayo, e "Ocaña, retrato intermitente", de Ventura Pons»

Manuel J. Lombardo, DIARIO DE SEVILLA



Entrevista con Jesús Pascual: «A Semana Santa e Lady Gaga son primas irmás»

Por Agustín Gómez Cascales

Como atopaches as persoas que protagonizan o documental? Fixemos un chamamento en redes sociais e respondeu xente de toda Andalucía que estaba desexando compartir as súas historias. Fixemos moitas entrevistas e xa fixemos unha selección de persoas.

Que foi o que máis chamou a túa atención? Que hai un proceso de socialización dentro das irmandades que non se dá noutros ámbitos, porque as persoas hetero viven con total normalidade que haxa un grupo de maricóns que crean vínculos entre eles e que pasan dos traumas típicos da adolescencia gay. A figura do mariquita andaluz amante da Semana Santa non é nada novo porque historicamente puido gozar de visibilidade dado que había un papel reservado para el, do que non se podían ocupar nin homes nin mulleres, sempre representou unha caste de terceiro grao aínda que sen vivir a súa sexualidade abertamente.

De que funcións estamos a falar? No mundo das irmandades hai varias. Como a figura do vestidor, de aí a expresión de “quedar a vertir santos”, que reflexa algo real. Porque ás virxes non as poden vestir homes e ao ser figuras sagradas, por unha cousa machista, as mulleres en principio non podían facelo tampouco agás as monxas. E aí estaba en medio a figura perfecta, a do mariquita, que si podía entón ter a axuda de certas mulleres. Como un home non debía expresar os seus sentimentos en público, en principio non podía berrarlle ás virxes na rúa, e as mulleres, por recato, tampouco. O mariquita si. E grazas a esas funcións podía acadar certo recoñecemento social. Mesmo así, o feito de que ningún quixera saír no documental fala tamén da súa precaria situación.

A equiparación das pasarelas do RuPaul's Drag Race co paso das virxes pola rúa resulta fascinante... Igual que o señor maior que comparte a súa testemuña nunca equipararía unha virxe cunha travesti pero vemos como che fala da Macarena como se fose unha folclórica. Esa admiración a unha figura feminina con enorme poderío vivíaa por igual cunha virxe que con Juanita Reina. E agora ten sentido que pase o mesmo coas travestis. De igual xeito que moitas travestis collen elementos deste imaxinario e incorpóranos ao seu drag, porque agora si o poden facer.

Formulas outra cuestión interesante: que a devoción ás imaxes non sempre vai acompañada dun sentimento relixioso... É algo que, cando menos sen Sevilla, está moi claro. Porque, evidentemente non todo o que vive a Semana Santa alí é ferventemente católico. Esa devoción ten moito máis que ver coa pertenza a un barrio ou a conexión coa túa infancia e a túa familia. É unha espiritualidade que non ten unha relación pechada coa doutrina católica.

Mudou a túa perspectiva sobre as irmandades a raíz de dirixir este documental? Non das irmandades pero si dos maricóns que hai dentro delas. Desde fóra metíaos a todos no mesmo grupo: persoas con cero conciencia política, cero cuestionamento da vida e do que facían. Hai de todo, evidentemente, atopámonos con persoas moi católicas, moi metidas na súa irmandade, que foron as que máis se atreveron a criticar a institución e que nos contaron anécdotas de como plantar cara a curas, a irmáns maiores e a quen faga falla. Moven as cousas conscientemente desde dentro para que entre algo de aire fresco. Iso chamoume moito a atención. E ao final terminei por me decatar de que a Semana Santa e Lady Gaga son primas irmás.